

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 28- Abril 2023

Publicación gratuita
Colle unha!

A BANDA DA LOBA

ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS

DRAMSANYÚ

SUPERNATURAL

THE MIRAGE

NOCHENI

NO CHILLIN' SIESTA BOYS

CRISE

QFB

TROL

MAX & BULL

ARSON TIDES



Suso Valcárcel: “Aprendes unha pasada cando estás aberto a respectar a visión da banda que te contrata”

Fotos de Emi Ramírez



É, sen dúbida, un dos baterías de rock e metal máis destacados de Vigo e de Galicia. Suso Valcárcel ten pasado por bandas como The Mirage, Nocheni e Supernatural, e leva máis de 20 anos tocando. Agora mesmo é, entre outras cousas, batería de sesión, profesor na súa escola Dream and Drum, e está inmerso no seu proxecto persoal Dramsanyú. Con el crea cancións xunto a outras destacadas artistas galegas, que se poden adquirir para escoitalas previo pago, e cuxos beneficios son integramente adicados a iniciativas benéficas. Ademais, axiña volverá subir aos escenarios da súa cidade natal, o 24 de maio na sala Master, xunto a unha banda aínda por desvelar, e xa ten preto dun terzo das 300 entradas totais vendidas para este evento. Pero, mellor, deixemos que el mesmo vos conte todo isto.

Moi boas, Suso! O primeiro que quero facer é parabenizarte polo exitazo da primeira canción de Dramsanyú, coa que recadaches e entregaches xa 1.400€ para o ONG Acción pola Música. Cando haberá nova canción? Algo que nos poidas contar?

Boas, encantadísimo e agradecido a ti, Jacobo, e á xentiña que formades Rouco Son. Primeiramente quería darvos as grazas por esta revista, por este espazo que creáchedes para dar cabida a todos os que nos adicamos a isto da música na nosa terra, e tamén por todas as loitas que levades a cabo asociadas a esta iniciativa. Moitísimas gracias tamén polas felicitacións respecto ó

humilde exitazo da primeira canción do proxecto Dramsanyú, que efectivamente acadou xa 1400€ destinados á Fundación Acción por la Música e máis en concreto á orquestra Son das Flores, que está aquí en Vigo. Eu nun inicio era feliz con chegar a 1000€, así que... Máis gañamos que poñéndoa no Spotify e en menos tempo. Todo segundo estaba nos plans (risas).

Como nova canción, teño xa unha idea enmaquetada, e practicamente rematada, agardando ao momento para que os compañeiros que gravarán nesta ocasión poidan pasarse por Dream and Drum a deixar a súa impronta e gravar as súas pistas. Por motivos de axendas sempre van máis

lentos este tipo de traballos, evidentemente, pero aí están, sempre en movemento. Esta canción será unha canción dabondo diferente da anterior, posto que a cantante é a miña sobriña, Xiana. Miña sobriña é moi nova aínda, e está empezando nisto da música, así que a canción está pensada para ela e a súa voz, que é un pouquiño máis doce e non tan experimentada e enérxica aínda coma a de Thais, quen gravou a primeira canción do proxecto, “Mi ser, tu ser”.

É unha canción un pouco máis tranquila, máis adaptada ás tesituras da miña sobriña, polo menos ó pouco que coñecemos aínda das posibilidades da súa voz, que non é demasiado e está por explorar. Eu

penso que está a quedar moi bonita, a verdade. Quería que a súa primeira canción orixinal saíse á luz ao carón do seu tío para que saiba que sempre terá en min un apoio, e tratar de que aprecie dende os seus inicios o proceso creativo, que eu penso é o máis bonito que podemos levar a cabo no noso paso polo mundo da música. Agardo que vos guste tamén, e que sexa algo diferente que poida achegarlle á xente unha nova cantante que posiblemente formará parte tamén da música do futuro desta terra nosa. Ogallá así sexa.

O diñeiro recadado servirá, como xa dixeches, para financiar a activi-

dade da orquestra Son das Flores, que desenvolve unha labor fermosa para a cativada de Teis. Tiveches claro dende o principio que o que recadases ía ser para eles, ou barallaches tamén outras iniciativas?

Efectivamente. Todos os cartos que se recadaron ata o momento foron destinados á orquestra Son das Flores. Nun inicio eu andaba na procura de algunha asociación, fundación, ou algunha organización que se encargara de traballar con nenos e algunha actividade relacionada coa música. Cando estaba na procura non vin que houbera moito onde escoller nese sentido en España, máis apareceu no medio Acción por la Música e o seu fermoso proxecto no que traballan man a man con nenos en situacións complicadas, en risco de exclusión social, con falta de medios nas familias para pagar clases de música ou instrumentos e, en definitiva, nenos cunhas vidas non tan cómodas coma as nosas.

Ademais de formación musical gratuíta, apórtanlles tamén un entorno seguro e feliz para eles varias horas á semana, no que os nenos se sintén protagonistas de algo súper bonito, comparten, aprenden idiomas... Foi unha decisión magnífica, a verdade, e á xente lle encantou participar. Moitas gracias dende aquí a todos os que confiaron en min para facer posible esta aventura, dende os músicos amigos ata a xente que

se fixo coa canción, que soamente eles escoitaron, por certo, e que non está presente en ningunha plataforma dixital. Despois, cando comecei a tirar do fío, atopei a orquestra Son das Flores, que estaba apadriñada por Acción por la Música. De feito un dos directores de orquestra de Acción por la Música estivo estes días por Vigo traballando cos nenos da orquestra. Cando me din conta de que a orquestra de Vigo, apadriñada pola fundación, estaba xusto a dous minutos da miña casa, no CEIP Vicente Risco, souben perfectamente que a decisión non puidera ter sido mellor. Qué mellor que poder poñer un granciño de area entre todos para botar unha man no mesmo barrio no que un naceu. Foi marabilloso coñecer e coñecer ó equipo que traballa con eles no colexio. Un proxecto precioso.

Neste “Mi ser, tu ser” acompañante varios musicazos e profesionais, cos que xa tes coincidido no pasado. Ademais da incorporación de Xiana, haberá máis cambios na formación de Dramsanyú para a seguinte canción?

Por suposto, sempre me gusta agradecer nos espazos que me dades nestas entrevistas a toda a xente que me acompañou nese camiño ata a saída da primeira canción. Thais Suki, Dani Lemos, Raúl Ben e Héktor

Díaz-Valdés, compañeiros e colegas dende hai moitos anos, que colaboramos xa antes noutros proxectos, efectivamente, e que me botaron un cable enorme a darlle o pulido final á composición que eu xa tiña perfilada, digamos. Foi unha marabilla voltar traballar con eles facendo música orixinal, e seguramente non será a última ocasión.

De tódolos xeitos, Dramsanyú naceu improvisadamente e é unha especie de proxecto vivo que se move é que non sei cara onde irá no futuro, pero a idea inicial é que sexa un proxecto benéfico, no que colabore xente diversa en cada canción. A segunda peza non está gravada polos mesmos membros, e estou seguro de que algún repetirá de vez en cando se lle apetece ou tamén se considero que pode encaixar no contexto da propia canción tal como a teño na cabeza. Non sei a futuro como evolucionará a cousa, aínda que tamén me gustaría buscar o xeito de que, co tempo, isto se convertise nun proxecto de directo co que poder sacar cartos para nós os músicos tamén, que ben se merecen, mantendo por suposto a parte benéfica da venda das cancións. Como dicía antes, non o teño nada claro e isto se move ó ritmo que a miña cabeza vai cambiando de idea dun xeito natural. Non sei a onde iremos parar, nin se o estamos facendo ben ou mal, ou se se pode facer me-

llor, pero sei que polo menos estamos facendo algo e o proceso está a ser súper agradable, e tamén sen as tensións propias das bandas que conviven nos locais de ensaio a diario. É algo súper relaxante compoñer sen presión ou agobios de tempos.

Hai pouco anunciaches, non con pouco misterio, que axiña podere-mos volver verte sobre un escenario en Vigo despois de tanto tempo... Algunha pista que nos poidas dar?

Pois sí! Por fin! Despois de catro anos case dende que non me subo a un escenario de Vigo cunha banda tocando repertorio de temas orixinais, volto ó meu hábitat natural o 27 de maio. Subireime ó escenario da sala Masterclub, que sempre me tratou de marabilla, como baterista contratado dunha banda que me encanta e que creo que paga moitísimo a pena ver en directo e que soan súper profesionais xa no propio local de ensaio. De momento non vou desvelar o nome da banda ata dentro dun tempo, segundo vaian as reservas de entradas, que xa son 83 neste intre no que estou a escribir esta resposta. Quedan case tres meses para o concerto con algo máis do 25% do aforo vendido. Estou seguro de que vai saír xenial e estou desexando que vexades á banda, que os coñezades, e ter tamén o feedback da xente cando remate o concerto.



De momento imos reservando entradas e a xente está portándose, que da gusto reservando sen saber nin a quen van ver máis que a min cunha banda que non coñecen... É unha marabilla poder gozar da confianza dos teus no teu propio criterio. Flipo. Ademais os que merquen a entrada en marzo terán dereito a un sorteo que pronto poremos a funcionar coa cortesía dos meus amigos do Mesón Ben Feito (sito fronte ao Mercado de Teis). Tamén darei o dereito a “unha riña gratuíta” se non disfrutan do concerto, cousa que me parecerá imposible (risas). Fora coñas, estou seguro de que pasaremos unha noite marabillosa xuntos, e cantos máis sexamos mellor.

Ultimamente, aínda que non tes un grupo propio como tal, non tes parado de tocar e gravar con bandas como Autopía, Superblack... Que tal é a túa experiencia como músico de sesión? Botas de menos ter unha banda, ou non o fas en absoluto?

A experiencia de ofrecer os meus servicios como baterista de sesión é, para min, unha das mellores decisións que teño tomado nos últimos tempos. É algo que me divirte, que me fai aprender mogollón tanto en asuntos técnicos de gravación, coma de mellorar tocando, e aínda por riba coa aprendizaxe e posibilidades que conleva o enviar as miñas pistas gravadas de batería a algúns enormes produtores para que as misturen. Por outra banda, é unha ensinanza a rebaixar o propio ego dun músico, porque te fai poñerte ás ordes doutros artistas, que dan ordes ou suxerimentos diferentes á nosa visión, e xeralmente se acadan mellores resultados que cando un se empeña en tocar o que lle apetece. É unha pasada o que se aprende cando estás aberto a respectar a visión do músico ou banda que te contrata, tanto sobre o propio proceso de composición coma sobre o xeito de tocar que un mesmo ten. A min faime cambiar o chip constantemente sobre como vexo eu o que toco habitualmente cando o comparo co que toquei a petición do dono da obra. Na comparación adoita saír gañando a visión externa, porque teñen unha moito mellor visión global da canción, e non só a perspectiva dende a batería coma pode ter o instrumentista, neste caso eu. Ademais de todo isto, evidentemente, a min me aporta tamén un empurronciño económico facendo unha das cousas que máis me gusta facer na vida, que é gravar. Encántanme os directos, máis creo que gravar é a segunda das miñas debilidades moi de preto e a que

máis fago ultimamente das dúas. Así que contentísimo nese sentido.

En resposta á segunda cuestión, por suposto que boto en falta ter una banda, pero máis que o tema de montar unha banda, que ó final eu estou coma se estivese en varios proxectos á vez todo o ano, boto en falta os intres de ensaios semanais e de compartir o tempo con xente que queres ou aprecias. Non hai sensación online nin virtual que poida substituír nunca unha tarde de cañas e de facer música orixinal con boa xente. Todo irá voltando ó seu camiño, que aínda queda moito por facer e moitos soños que cumprir.

Ademais, tamén repetirás axiña como un dos mil membros de Rockin' 1000, co que xa tes tocado en esta-



di os ch e o s noutras ocasións. Que nos podes contar deste proxecto e a túa implicación nel para quen non o coñeza?

Este proxecto é, como lle digo a moitos compañeiros que me preguntan, unha experiencia que recomendo vivir a calqueira que colla un instrumento nas mans. Se podes, tes tempo, e podes permitircho economicamente, faino. Cámbiache a vida e o xeito de vela, traerache mil amizades novas de medio mundo, tocarás para tanta xente coma na túa vida probablemente farás, e vivirás o que é a felicidade multiplicada por mil durante 4 días. Rockin' 1000 é un proxecto no que os músicos son voluntarios, e parte da organización tamén, de aí que comentase o dos temas económicos. O proxecto naceu dunha xente que quería levar aos Foo Fighters a tocar as súa cidade en

Italia, Cesena. Ocorréuselles que poderían xuntar a mil persoas tocando unha canción da banda e filmala nun vídeo para enviarlla a Dave Grohl e compañía. Conseguiron unha resposta por parte de Dave Grohl, e tamén que a banda pasase tocar pola cidade de Cesena.

De aí en diante, o proxecto non deixou de medrar e medrar, e a día de hoxe xa teñen programado varios concertos de estadio en cidades de varios países do mundo, como Sao Paulo, París, Milán, Frankfurt, ou Madrid, onde xa teñen próxima data o 3 de xuño no estadio Civitas Metropolitano, onde voltarei tocar con eles despois de ter participado en Milán (aeroporto de Milano-Linate), París (Stade de France), Os Alpes Italianos (Val Veny en Cormayeur) e Florencia (Estadio Artemio Franchi). Non obstante, ademais de tocar,

creo que a experiencia é máis grande aínda polas sinerxías que alí se xeneran entre músicos de todo o mundo. Os egos quedan atrás e todos somos igual de importantes alí. É fermoso. Unha experiencia inesquecible que, repito, recomendo a calqueira que colla un instrumento nas mans.

Ademais de todo isto, tes unha traxectoria impresionante en bandas galegas ao longo dos últimos 25 anos. Nocheni, The Mirage, Supernatural... Xunto a elas tes dado centos de concertos e acompañado a moitos dos grandes nomes do rock duro e o metal galego e internacional, por exemplo, a Helloween en Castrelos. Que é o que máis valoras ou botas de menos desas experiencias?

Pois a verdade é que sí que ti ven a boa sorte e o pracer de poder

tocar con varias bandas, non moitas tampouco, máis foron varias das que creo que no seu tempo fixeron cousas bastante importantes dentro do que se podía facer dun xeito independente. Chegamos bastante lonxe, por exemplo con The Mirage, nun tempo no que fixemos un montón de cousas bonitas en salas importantísimas do país. Non todas as bandas independentes poden contar o ter tocado en La Riviera en Madrid, por exemplo, ou no fermoso auditorio de Castrelos da nosa cidade, que todo músico vigués desexa pisar algunha vez na vida. Tamén programamos as nosas propias xiras por España presentando os traballos discográficos que sacamos xuntos. Todo de xeito independente ó igual que con Nocheni previamente, ou con Supernatural tempo despois.

Con Nocheni aprendín moitísimo, posto que eles eran maiores ca min e levaban un monte de concertos xa ás costas cando me colleiron para cubrir o posto das baquetas na banda. Fixen mogollón de concertos con eles, o primeiro da miña vida compartindo cartel con Barricada, tiveron a miña primeira experiencia nun estudio de gravación... Un sin fin de bos recordos e de historias na maleta. Tamén moitas festas (risas). Con Supernatural conseguimos en moi pouco tempo traspasar as fronteiras de España tanto en prensa especializada como coa furgoneta cargada de bártulos, tiñamos unha boa proxección e a banda soaba increíble en directo (agora non está mal que o diga eu)... En fin, foron a miña vida e parte da miña traxectoria e, por suposto, todos eses proxectos me aportaron moitos bos momentos, tamén malos e malísimos, pero dende logo levo gravados a lume os bos, e os malos consérvooos para seguir facendo camiño aprendendo deles. Foron moitísimas aventuras con esa xente, moitas ensinanzas, aprendizaxes, esforzos brutais por acadar sacar soños adiante ... A experiencia que che aporta o ter feito tantas cousas durante tanto tempo ininterrompido sei que tamé afecta ó meu desenvolvemento como músico no tempo presente, na cantidade de contactos que un ten a día de hoxe, e seguro que terá moito peso no meu futuro, e, evidentemente no meu xeito de traballar como profesional neste mundo na actualidade. Vai un pasando a ser can vello en moitas cousas.

E logo un sempre bota de menos moitas cousas que xa semellan non ser xa nin destas épocas nas que ata compoñemos online, porque tamén son outros tempos con outra idade, outras responsabilidades, ou-

tras enerxías (aínda que eu as teño intactas) para facer cousas das que faciamos antes. Sempre boto en falla esa continuidade nos concertos, nas xiras, nos ensaios cunhas birras a man, ou estar continuamente recibindo correos sobre organización de eventos ou saraos. Estar aí metido no medio, nesa historia de que semella constantemente que vas a chegar aí a rockstar (risas). Cos anos dinme de conta das parvadas que facemos como procurando un éxito que non é tal cousa, porque o éxito é outra, de feito. O éxito é vivir, e se vives co que che gusta xa é un éxito dobre. Non tiña nada que ver con recibir palmadiñas nas costas que dicían “que ben tocases rapaces”, porque xente que toca ben hai unha morea (risas). E isto coméntoo eu, que non paro de facer cousas, de gravar, de tocar con esas bandas que me encantan como Superblack, Autopía ou Wild Fuzz Trip... Bótase de menos o resto da parte de convivencia, así que, para cubrir esa falla... teño algún proxecto sorpresa no tinteiro do que falaremos cedo ... ata aí podo ler (risas).

Quere iso último dicir que volveremos ver a Suso Valcárcel nunha banda así nalgún momento próximo?

A resposta é sí, efectivamente (risas). Engado un dato máis para que quede no aire: veráseme con máis dunha banda. de feito, aínda que no escenario polo momento só coa banda coa que estarei tocando na Masterclub de Vigo o Sábado 27 de maio. Ata aí podo dicir...

Dos grandes nomes internacionais cos que tes coincidido dando ou montando concertos que mencionaba antes... Algún, ou algúns, do que poidas dicir que foi o teu favorito ou do que máis significou para ti?

A verdade é que son tantos anos e tantas vivencias que a min cústame xa lembrar cal foi en concreto a mellor experiencia, o mellor concerto, ou o mellor artista co que traballei en calqueira das miñas facetas dentro da música, pero sempre lembro con moito agarimo a experiencia de ser promotor de concertos co meu colega Gonzalo Soliño, que ten un bar excepcional onde escoitar boa música en Cangas, La Ciénaga. Esa época foi moi bonita, traendo aquí a casa a algúns dos meus artistas favoritos de todos os tempos, como Eric Martin de Mr Big, ou a Goran Edman con Karmakanic. Gardo para sempre no corazón algunhas parrafadas que botei con xente coma Lalle Larsson de Karmakanic, un músico tre-

mendo e unha persoa extraordinaria co que puiden compartir viaxes e cafés no hall dun hotel. Aprendendo sen pagar cunha increíble lección de vida en dúas horas sentados nunha mesa dun bar.

Xa actuando eu coma músico teño moi boas memorias da xornada abrindo para Joe Lynn Turner e a oportunidade que tiven de poder botar un anaco falando de música coa súa banda, incluíndo a Simon Wright (baterista de AC/DC ou Dio). Foron tantas experiencias en tan poucos anos que é complicado non esquecer mencionar algunha, a verdade. Imos vellos (risas). Tocar na sala Apolo de Barna e La Riviera en Madrid abrindo para Stryper coas salas con entradas esgotadas tamén foi unha gran sorte e un privilexio, así como tamén foi bonita a miña experiencia con bandas máis pequenas como conductor. Lembro alegría da pequena xira na que acompañei ós suecos Three Seasons substituíndo ó meu adorado e desgraciadamente finado Juanpa Veovoces coa súa furgo. Cinco días inesquecibles. A medida que escribo vou lembrando outras tantas historias que non pararía de escribir, a verdade. Encántame ver atrás e ver que levo unha vida bastante vivida, son un afortunado en moitos sentidos, aínda que tamén curro moito para que esas cousas ocorran, claro.

Ti que coñeces ben a escena galega e estatal das últimas décadas, como valoras como foi evolucionando? Parece case un cliché o de que temos grupos enormes por aquí aos que non se lle presta a debida atención, pero para min nunca se repite o suficiente... Algún que queiras destacar?

Creo que sempre houbo un montón de movemento de bandas aquí e sempre o vai haber, o que pasa é que si que xa se empeza a notar que nos concertos, sobre todo de rock ou metal que é onde máis me movo, cada vez vese que tanto o público coma os membros das propias bandas nunca son adolescentes. Supoño que non faltará moito para que no temos de todo esa falla de relevo xeracional nos concertos e na cultura de base, e supoño que será inevitable posto que as novas xeracións veñen con outra escola, non queda outra que convencelos, pero creo que ninguén sabe moi ben como facelo. Non é tarefa doada convencer á mocidade para que teñan as mesmas gañas de vivir as experiencias que vivimos nós do mesmo xeito que nós o fixemos. Eu iso o vexo cos meus alumnos de clases de batería. Poucos tocan a batería fóra da clase ou da súa casa, non buscan compañei-

ros cos que facer música coma faciamos nós.

Vós, Jacobo, que sodes máis novos ca min, estades aínda vivindo, creo, os últimos coletazos da vida musical como nós e os afortunados de ter vivido os 70 e 80 a coñecemos. Xa mudou todo tanto que case non queda nada daquelas épocas nas que escoitar un novo disco dunha banda era apasmoante. Eu, agora, a verdade é que detesto o xeito de escoitar música que adoitamos, non ten a maxia que tiña antes chaparse un disco de pé a pá. Non me gusta nada tampouco o xeito en que compartimos a música, o imposto modo de mercar entradas actual... En xeral, o mundo da música, para min, perdeu moito do bonito que tiña. Á xente que toca lle pagan por tocar versións, por dar clases, ou por tocar música que non lle gusta, pero non lle pagan ou lle choran os cartos por facer a súa propia música... É un desencanto bastante grande como funciona todo, pero aí continuamos algúns, tentando facer o que nos da a real gana, o que asegura que haberá música e bandas sempre ata que vaíamos morrendo os últimos vellos (risas).



Creo que os adolescentes van tirar por outros camiños bastante diferentes aos que nós coñecemos, de feito xa están a facelo, e seguramente non teñan nin máis razón nin

menos ca nós. De tódolos xeitos, a nivel cultural sí que se vai a notar una devaluación nas mensaxes que a música e en xeral o arte do pasado espallaban polo mundo adiante. Para rematar con esta novela que acabo de soltar, si, sempre fomos bastante de valorar o de fóra sobre o noso polo simple feito de ser de fóra. Eu, a verdade, é que levo xa bastante tempo mercando só a música nos concertos aos que vou, co que a maioría das miñas últimas adquisicións son ben ou de bandas locais, ou galegas ou españolas. Spotify e plataformas, o máis desconectadas posible, e nin sequera instaladas no teléfono. Respecto bandas que se están a mover bastante na zona de Vigo e que poden funcionar, ademais dos clásicos xa Aphonnica, Moon Cresta, The Soul Jacket e esas bandas que xa están proxectadas, podería recomendar, que se me veñan á cabeza agora sen saírme da cidade, Zalomon Grass ou The Mirror.

Xusto o outro día estiven dándolle voltas á Gallaecian Metal Compilation de 2006, na que aparecen unha chea de bandazas e á que The Mirage aportou o temazo “Buscando en tu interior”. Que lembrás daquela época e aquela iniciativa?

Naquela época, efectivamente, The Mirage estabamos xa tentando asomar a cabeza e comezando facer cousas moi interesantes que outros non facían, tanto por aquí pola nosa zona como fóra de Vigo. Unha delas foi ser unha das bandas seleccionadas para meter un tema noso, “Buscando en tu interior”, naquela recompilación. Aquela recompilación trouxo alegrías, máis tamén unha choiva de críticas e ataques nos foros metaleiros galegos que, a verdade, nos deron unha idea por aquel tempo de que tiñamos que desvincularnos bastante do mundillo da suposta “familia” e facer o noso traballo, tirar adiante e non atender nin perder tempo en parvadas (risas). Eramos máis novos e ás veces non encaixabamos ben as críticas, así que entrabamos ao trapo daquela merda toda equivocadamente. Algunhas críticas non viñan só para criticar, se non para tentar facer dano, supoño que por algún tipo de resquemor por un feixe de cousas que estabamos a conseguir. A verdade é que aquela experiencia tamén nos trouxo moita xente que nos defendía, nos chamaba para tocar e nos respetaba. Tivo as súas luces e as súas sombras para nós o entrar naquela publicación e no mundo da “familia” Basandere Metal. Agora faime gracia recordalo coma algo do pasado dende outra posición moito máis asentada,



tanto falando de egos como de control sobre as emocións propias.

No libreto desta propia recompilación xa se fai fincapé nas dificultades históricas que atravesou a música contemporánea en Galicia e en particular estilos como o rock duro e o metal... Pensas que mudou por fin a situación, ou non?

Eu creo que os roqueiros e os metaleiros sempre somos bastante “quexicas” (que non ten por que estar mal) e ás veces nos pechamos nós mesmos as portas coas nosas decisións (incluído eu o primeiro). Eu non creo que mudara moito a historia de como foi sempre (salvo polo tema da xuventude que comentaba antes). Eu sigo vendo salas igual de baleiras que antes, salvo con algunhas bandas (polo motivo que sexa), e sigo vendo que as bandas grandes e as históricas cada vez cobran máis polos tickets e enchen igual os estadios e os recintos enormes. De feito, moitas delas, estando en peor forma que antes, cobran aínda máis agora e a xente paga por velas igualmente, supoño que moitos por nostalgia e outros pola foto e escoitar a canción que coñecen da radio. O mundo do rock n’ roll sempre foi un pouco así, non? De sufrir, de pelexar duro para poder saír a flote... O día que iso sexa máis doado igual deixa de ser para nós tan atractivo (risas). Levo dende os 14 anos asistindo a concertos e teño 41, e sempre foi un pouco semellante a situación. Comentaba antes un detalle que creo importante aquí. A día de hoxe aos músicos nos pagan sen rechistar por tocar cancións que nós non fixemos, nos pagan sen rechistar por dar clases, nos pagan por tocar músicas que nin nos gustan (afortunadamente nunca me vin na necesidade de ter que facelo), pero non podemos vivir do que creamos nós. Algo falla e cada día falla máis.

Tamén hai cousas boas a día de hoxe: temos máis acceso a un montón de cousas que antes non eran tan doadas de acadar. Ter a posibilidade de falar directamente cun dos teus cantantes favoritos, material didáctico online gratuito, tutoriais das que promocionar o noso traballo (aínda que na miña opinión o regalamos máis da conta)... Un montón de cousas que fan máis doado que antes unha parte dos nosos procesos como músicos, que é a de estar presentes para moita xente se as utilizamos ben, aínda que teñamos que facer todo nós, que ese é outro cantar.

Como curiosidade, na Gallaecian Metal Compilation tamén aparece Icewind, unha banda na que podemos escoitar a Iago Pico moito antes de dar o salto definitivo que deu xunto a Tanxugueiras. Tes colaborado con el en varias ocasións dende entón, como foi esta evolución?

Se falamos da evolución do mestre Iago Pico en concreto pois eu digo que foi unha evolución bastante sensata pola súa banda, porque el é un pedazo de cantante espectacular, un pedazo de artista e, por suposto, un dos mellores produtores musicais da actualidade en Galicia. No seu caso, e por fortuna, e estou seguro de que non sen traballo duro, como produtor atopou a posibilidade de traballar con Tanxugueiras e de crecer dun xeito que xa estamos vendo e que non lle ofreceu antes ningunha das outras disciplinas nas que tan ben se move. Está a un nivel estratosférico en todo o que fai, do que me alegro como se fose un éxito meu. A min encantaríame que un día Iago levántase o teléfono e dixera: “Suso, montamos algo ou?” (risas), pero como sei que é complicado por

temas da súa axenda, e incluso probablemente non lle apetecería aturarme (risas), pois doume por feliz con saber que, de vez en cando, podemos facer algunha falcatrada como as que xa fixemos. Foi unha marabilla traballar e facer cousas tanto con el coma co resto da xente que participou neses temas. A versión de Ed Sheeran, do tema “Blow”, que se pode ver en internet, aínda a escoito a día de hoxe e me digo, “joder, vaia bandaza que montabamos con esta xente”. Desgraciadamente non ten pinta de facerse realidade, pero sempre segue aí aberta a posibilidade de colaboracións a futuro.

Esta claro que agora ao que estás máis entregado é ao teu alumnado en Dream and Drum. De cotío compartes o progreso dos teus alumnos en redes sociais. Ademais do que xa comentaras antes, como ves á nova xeración de músicas e músicos viñeses?

No meu caso co traballo de clases de batería aquí en Dream and Drum teño que dicir que a maioría do alumnado este ano é xente adulta. Outros anos teño traballado máis con rapaces máis pequenos ou adolescentes, que é onde máis pode un ver quen trae as enerxías desbocadas polo instrumento. No meu caso é certo que de 30 alumnos hai moi pouquiños nos que recoñeza a iniciativa desproporcionada que tiña eu de montar unha banda e de lanzarme a un local de ensaio a tocar con xente. A maioría o fai un pouco por lecer na súa casa ou na hora na que está en clase sen moitas máis expectativas, pero teño a dous ou tres que sí teñen xa un pouco deste veleno no corpo e xa se lles comeza notar un pouco que sí que lles gusta de verdade e que tarde o cedo van aca-

bar por poñer un anuncio como faciamos nós para unirse a alguén e facer música.

Ogallá así sexa, dende logo, e máis adiante esteamos a falar das novas xeneracións de músicos desta cidade con esta xente entre eles. Sería unha fortuna que no futuro me vise mencionado nas súas entrevistas como o tipo que lles meteu o vicio da batería e que puideran estar a vivir dela como eu humildemente o fago. Sería realmente bonito. Ademais, cada vez teñen, o que dicía antes, máis oportunidades de formación, máis oportunidades de mercarse un bo instrumento económico para poder arrancar, baterías electrónicas que serven para poder practicar en casa, e mil cousas máis. Afortunadamente, o progreso tamén trae cousas boas.

Isto foi todo pola nosa parte. Moitísimas grazas, Suso, polo teu tempo e polo apoio que nos tes dado sempre. Temos moitísimas ganas desas novas gravacións en concertos!

Nada, moitísimas grazas a vós polo voso espazo, polo voso tempo, pola vosa adicación e implicación co mundo da música da nosa terra, e pola defensa que facedes das bandas máis pequenas e vulnerables. Graciñas tamén aos que tedes esa loita en pé con Grupos en Loita, e graciñas por todo o traballo que facedes. Xa sabedes que as miñas ansias de dar concertos, de facer gravacións e de facer cousas nunca escasean, así que haberá máis das miñas toleiras que sairán á luz. E xa sabedes que estes convidados ó concerto do 27 de maio. A tres meses do concerto hai xa 82 entradas con dono, non se me durma ninguén! Unha aperta fondísima a todos.



No Chillin' Siesta Boys publican o primeiro sinxelo do seu próximo álbum

Tras retomar a súa actividade en 2022, despois dunha pandemia que paralizou as escenas hardcore e metal galegas, os ourensáns No Chillin' Siesta Boys publican agora "Crossed", o primeiro anticipo do que será o seu novo álbum, Embrace, The Cult. Para este tema contaron ademais coa colaboración de Iván Rivera; el é o vocalista doutra banda galega, Rymer, formada a medio camiño entre Ar-teixo e Vigo. Foi gravado en P. Ave-

nue Studios por Roi Rodríguez Álvarez e en CJC Studios por Adrián Rego Fernández, e mesturado e masterizado por Erik Monsonis Azpiroz.

O sinxelo vén acompañado dun enérxico videoclip, no que a banda trata de reflectir, nas súas palabras, "a potencia que caracteriza os seus directos". Nel, o cuarteto "vomita toda a súa rabia ante unha cámara inquieta, trasladando toda a súa carga emocional ao espectador en pouco

máis de 3 minutos". Este videoclip foi dirixido e editado por Juan Cruz, con Miguel Salgado Cid como asistente de cámara e coa axuda de Miraveo e Studio Follow.

A banda explica deste xeito o significado da súa nova canción: "Coa súa referencia ao simbolismo cristián da cruz, Crossed fala dun sentimento universal pero complexo. O sentimento de culpa, rabia, frustración, tras chegar a un punto de non

retorno nunha relación romántica pero tóxica, na que dúas persoas cometeron unha serie de erros que os colocaron nunha situación irreversible. Ao longo da canción refléxanse as contradicións xeradas ao transitar pola nostalgia, animadversión, a culpa e o rexeitamento. A colaboración con Iván Rivera (Rymer) destaca ao engadir un xiro escuro que completa un tema cheo de emocións contrapostas".



Xa está anunciado o cartaz do

A Banda da Loba

A vila do Milladoiro acollerá un ano máis o festival Millarock, que chega á súa duodécima edición. A cita musical celebrárase nesta ocasión no mes de xuño, o día 30, a partir das 21:00. Ademais, nesta nova edición cámbiase a localización dos concertos, que pasarán a realizarse no anfiteatro do Milladoiro. Actuarán os grupos galegos A Banda da Loba, Eladio y Los Seres Queridos e Fillas de Cassandra, e o estatal Las Ninyas del Corro. A entrada será, unha vez máis de balde.

Con esta nova edición, o festival amesán da un xiro de 180 graos con respecto á liña que viña levando nos últimos anos, acompañado á súa vez por unha renovación no estilo gráfico do seu cartaz. Dende que o festival retomara a súa actividade no 2016, cun único parón no 2020 por mor da pandemia, caracterizouse por cartaces compostos ao completo por bandas de rock, punk e metal, cun equilibrio entre bandas míticas e asentadas e outras emerxentes. Ademais, púñase un particular énfase en que houbera bandas da contorna de Ames, que cantasen en lingua galega e/ou con presenza feminina nas súas filas.

Anteriormente, entre 2006 e 2011, o festival tivera un perfil máis variable, sendo normalmente encabezado por un ou dous grupos coñecidos do ámbito estatal ou galego dependendo do ano. A eles sumábanse os gañadores dun concurso de maquetas que se celebraba previamente. Agora, neste 2023, o enfoque do festival volve cambiar, incorporando por pri-

meira vez estilos fóra do rock. O cartaz anunciado mestura ás coñecidas bandas de pop rock galegas A Banda da Loba e Eladio y Los Seres Queridos coa mestura entre música urbana e folk de Fillas de Cassandra e o hip hop das catalás Las Ninyas del Corro. Esta última é, ademais, a primeira banda non galega en actuar no festival dende 2009. En resumo, catro grupos consolidados que son habituais en festivais e salas do país.

En referencia ao novo enfoque do evento, dende o Concello de Ames, que organiza o festival, sinalan que o anunciado é «un cartel moi fiel á esencia do Millarock, sendo perceptivos aos cambios e ás novas sensibilidades. Seguimos a ter grupos con música en galego, presenza feminina, bandas emerxentes, música reivindicativa... Abandonamos a idea dos festivais homoxéneos para incorporar rock, indie e sons modernos».

A Banda da Loba, é unha formación asentada en Compostela e integrada por cinco mulleres que uniron as súas traxectorias previas para crear un proxecto colectivo. No seu repertorio, sempre cantado en galego, mesturan, ademais de rock, ritmos de pop ou folk, creando o seu son propio. Na actualidade contan con catro traballos publicados: Bailando as Rúas (2017), Fábrica de Luz (2019), o EP co que musican a Xela Arias Hasme Oír (2021), e Xabón Lagarta (2022), este último incluído na lista dos nosos 35 discos destacados do pasado ano. Ademais, ao longo da súa curta traxectoria recibiron galardóns tales como

o Premio aRi(t)mar 2018 ou o Martín Códax 2021 na categoría pop/indie.

Por outra banda, os vigueses Eladio y Los Seres Queridos son unha das bandas máis consolidadas do panorama galego, tras máis de quince anos de carreira, 5 discos e numerosas xiras por todo o Estado. Os seus temas, escritos por Eladio Santos, líder do grupo, van dende o pop máis clásico ata sons indie, folk, canción de autor, e, por suposto, rock. O seu último traballo, Academia (2020), está composto por catorce temas “honestos, intimistas e transeúntes”.

O dúo Fillas de Cassandra, procedente tamén de Vigo, é un dos proxectos da nova música emerxente que máis está soando últimamente no panorama galego. O seu primeiro traballo, Acrópole (2023), acaba de ser presentado e colleita xa numerosas críticas positivas. A súa é unha aposta pola recuperación das melodías tradicionais e tamén pola creación de novas líricas, inspiradas no canto da tradición oral galega pero tamén influenciadas polo pop ou a electrónica. As súas composicións, sempre creadas dende unha ollada feminista e actual, transitan da emotividade ao desenfado, sen esquecer o activismo.

Por último, Las Ninyas del Corro, o dúo barcelonés, chegará a Ames para ofrecer as súas cancións combativas e mensaxes contundentes, inspiradas no rap underground. A dupla caracterízase polas súas comprometidas letras, nas que teñen cabida o empoderamento, a crítica e as vivencias persoais.

30 DE XUÑO 2023
A PARTIR DAS 21H

MILLAROCK
XII EDICIÓN

A BANDA DA LOBA

ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS

FILLAS DE CASSANDRA

LAS NINYAS DEL CORRO

ANFITEATRO DO MILLADOIRO
(APARCADOIRO DE CARAVANAS)

XUNTA DE GALICIA

Concello de AMES

Millarock 2023



Eladio y Los Seres Queridos



LLA
rock



LOS SERES QUERIDOS



YAS DEL CORRO

TRADA DE BALDE

deputación
A CORUNA

«Compañeiro Daniel», novo videoclip dos coruñeses QFB

A banda de rap metal coruñesa QFB vén de lanzar un novo videoclip, correspondente ao sinxelo «Compañeiro Daniel». Malia estar centrados na presentación do seu traballo discográfico autoproducido, titulado Rexurdir, a banda lanza este novo sinxelo pensando nun novo disco e tamén no Día das Letras Galegas do vindeiro mes.

«Compañeiro Daniel» é a adaptación dos coruñeses do mítico poema de Darío Xohán Cabana adicado a Castelao. Neste tema participan unicamente o picadiscos, Zalo, e o MC Toninho, que se atreven cun poema que xa foi convertido nun himno da nosa música no seu momento por nada menos que por Suso Vaamonde. Fanno en clave de hip hop da vella escola, afastado do rap metal ao que nos teñen acostumado.

QFB ten os seus cimentos a prin-

cipios dos anos 90 e tras estar case 25 anos fóra de toda actividade, volven agora cunhas forzas renovadas que nin a pandemia puido deter. De feito, o seu álbum Rexurdir foi incluído na lista dos 35 discos galegos de 2022 de Rouco Son pola súa importancia histórica, xa que incorpora as gravacións dos anos 90 nunca antes lanzadas polo grupo, xunto a regravacións a cargo da formación actual.

A banda está composta, ademais de por Toninho e por Zalo, tamén baterista da formación, por David Rodríguez á guitarra, David Acuña ao baixo, e o MC Darío Feijo. Fan un rap metal influenciado primordialmente por Beastie Boys e por Rage Against the Machine, mais con letras maioritariamente en galego cargadas de retrans, e introducindo sons procedentes da música tradicional galega.



Kalokoro Teke e Max & Bull estarán o 29 de abril na cervexería Miguel

O sábado 29 de abril ás 23:00 na cervexería Miguel, Max & Bull e Kalokoro Teke ofrecerán un concerto no que a experimentación, o post rock e a electrónica serán protagonistas. O local, que está a programar numerosos concertos de diversos artistas nestes meses está ubicado no Camiño dos Liñares nº 6 de Canido, na parroquia viguesa de Oia. As entradas anticipadas están á venda por 6€, mentres que na billeteira terán un custo de 8€.

Max & Bull é un dúo instrumental vigués que se autodenomina como “inclasificable”. Está formado por Nacho Araújo na batería e Iñaki Blanco na guitarra, no sintetizador, nas bases e nos visuais. Bebe de fontes como o rock, a electrónica IDM (Intelligent Dance Music) ou o live looping. Mesturan así “pesados riffs de guitarra” con



“baterías potentes e bases electrónicas e atmosféricas”, conxurando “paisaxes sonoras que afloran a

base da superposición do mundo analóxico co dixital”, en palabras do dúo. Acompañando á música e

creando un fío condutor paralelo, contan cos visuais do propio Iñaki, creando “unha atmosfera única”.

Tamén procedentes de Vigo, Kalokoro Teke é, pola súa banda un proxecto de música electrónica experimental que mestura “a nostalgia e a innovación” para crear “unha experiencia musical evocadora”. Afirmanse influenciados “polos synths dos oitenta, a música descritiva e os temas máis escoitados nos mellores elevadores do mundo”. As súas Cancións para tempos de Extinción, un traballo formado por varios EPs, combinan elementos familiares e novas tendencias, cos que pretenden chegar tanto ós fans da música electrónica como a novas audiencias que busquen “unha oferta musical diferente”.



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

O dúo de metal en galego Dioivo anuncia o seu novo álbum, que sairá o 9 de xuño



Dioivo é unha banda de metal en galego formada en Vigo en 2016, que vén de anunciar o lanzamento do seu álbum *Cara os Ceios Incrementes*. O cuarto traballo de estudio do dúo, segundo álbum completo, sairá da man da discográfica grega Sleazy Rider Records, fundada en 1999 e especializada en música metal internacional. Inclúirá, como é habitual nos vigueses, varias musicacións de obras da literatura galega.

O estilo da banda baséase no black metal melódico, incluíndo influencias de estilos como o thrash metal, o hardcore ou o metal progresivo. Entre os novos temas destaca “Que Importa que nos Craven as Cadeas”, que pon música a un poema de 1970 do célebre autor lucense Darío Xohán Cabana, a quen o grupo quixo render homenaxe logo do seu falecemento a finais de 2021.

Ademais, o álbum tamén incluírá o seu tema “Hai Sede na Nova Galicia”, lanzado en 2022 co gallo do Día das

Letras Galegas e que adapta o poema homónimo do entón homenaxeado, Florencio Delgado Gurriarán. *Cara os Ceios Incrementes*, de feito, toma o seu nome dunha frase deste poema, publicado orixinalmente en 1963.

O álbum foi gravado, mesturado e masterizado no estudio de DS Audio en Vigo, por Dany Soengas. Este músico vigués é coñecido por facer parte de bandas como Atreides, Lardelúa ou Skydancer. A portada e o deseño do álbum, por outra banda, correron a cargo do estudio arxentino de deseño gráfico Core76, que traballa a cotío coa discográfica grega.

Cara os Ceios Incrementes consta de 8 temas, cunha duración duns 48 minutos. Neles, ao igual que nos directos da banda, toda a música corre a cargo unicamente da batería de Daniel e da voz e as guitarras de Jacobo, que combina a guitarra eléctrica de 7 cordas coa guitarra eléctrica de 12 cordas. Ademais destes



8 temas principais, o disco incluírá 3 extras. Concretamente, a súa colaboración con Xosé Luís Méndez do mítico grupo vigués Desvirgheitors, “Unha de Guerra”; e unha demo doutro dos temas do álbum. A versión de Desvirgheitors, dunha canción orixinalmente lanzada en 1993, será tamén parte dunha recompilación tributo a bandas galegas extintas que foron pioneiras no rock e o metal do país, que será anunciado axiña. A versión do grupo contará cunha colaboración de luxo, a da propia compositora e fundadora de Desvirgheitors, a baixista Pili Dios.

Nas vindeiras semanas, Dioivo comezará anunciar as datas coas que presentará o álbum por toda Galicia e tamén pola península. Tamén será anunciado proximamente o videoclip do sinxelo principal do álbum, aínda por desvelar, que correrá a cargo de Brais Gómez Salvador. Este director xa ten traballado co grupo no resto dos seus videoclips oficiais.



O trío vigués Trol prepara novos concertos en Matamá e Oia

Trol é un trío de rock duro formado en Vigo no ano 2022. A pesar da súa recente creación, a banda esta composta por músicos veteranos da escena: na batería, Fernando Costas, provinte de Los Contrarios e Los Juais; no baixo, Juan Díaz, de formacións como Desertores e Furtivos; e a guitarra, Pablo López, que foi membro da mítica banda viguesa de rock duro e heavy metal dos anos 90 Crazy Cabuxa, ademais de compañeiro de Juan en Furtivos.

A súa música é completamente instrumental, combinando en palabras do grupo “unha base rítmica potente e definida” cunha guitarra “que mestura uns bos riffs rítmicos,

con solos impactantes e melódicos”, creando así “un ambiente emocionante”. O seu repertorio nn directo mestura temas de colleita propia con versions. O trío entrará axiña no estudio de gravación para dar forma ao que será o seu primeiro disco.

Mentres non chega este primeiro lanzamento de estudio, a banda está a presentar a súa proposta ao vivo pola zona de Vigo. A primeira das vindeiras citas co grupo será no Lar das Artes da parroquia viguesa de Matamá, o domingo 14 de maio en sesión vermú. Por outra banda, o sábado 10 de xuño ás 23:00 subirán ao escenario da cervexería Miguel, en Canido, parroquia de Oia.



ROUCCO SON

falamos de rock en galego

Arson Tides acompañará a Blaze Out e We Exist Even Dead nas súas datas galegas



O quinteto vigués de metalcore Arson Tides acompañará a Blaze Out e We Exist Even Dead no paso da súa xira por Galicia. As dúas bandas catalás, que formaron parte do Resurrection Fest 2023, visitarán o venres 28 de abril A Coruña e o sábado 29 Vigo, como parte da súa xira A Última Escena. En ambos casos, as entradas terán un prezo de 10€ anticipadas e 12€ na billeteira. Pode consultarse máis información nas redes sociais das bandas.

A banda viguesa Arson Tides defende unha proposta que eles mesmos definen como «de contrastes», con «cortes intimistas e crus» nos que «breaks e melodías imposibles fúndense cun directo enérxico e ecléctico». O seu estilo pode apreciarse nos videoclips de temas como «Helpless» ou a súa cover da mítica canción de Aqua «Barbie girl». O primeiro destes dous temas pertence ao seu traballo Children of the Tide, lanzado en 2019.

Tralo seu paso polo evento Dogfight Wild Tournament e polo Resurrection Fest, os cataláns Blaze Out volven a Galicia, onde xa son uns vellos coñecidos da escena local. O seu estilo é unha mestura de rock e metal, dando como resultado un directo «potente e fresco». We Exist Even Dead, por outra banda, encarna o metal «en tódalas súas formas», fuxindo tanto «dos máis puristas como dos máis elitistas e creando o seu propio espacio». Cunha proposta musical «onde o épico e o extremo tócanse, mesturan freneticamente o groove e o metalcore».

Na Coruña, os ferroláns Hour-Glass incorpóranse ao cartel, convertendo a data en case un festival. Esta banda destila un estilo influenciado fortemente polo thrash e o groove metal, dando como resultado un directo «que non deixa indiferente».



Crise presenta “Boca abaixo”, videoclip de adianto do seu vindeiro EP

A banda de punk rock coruñesa Crise vén de lanzar un novo videoclip, correspondente ao seu tema “Boca abaixo”. Este tema serve como adianto do seu próximo EP, que será editado axiña, en formato vinilo, polo selo estatal Tough Ain’t Enough (TAE) Records. O tema foi gravado no estudio LCR da Coruña.

Crise naceu a finais de 2020, en plena pandemia, polo que o nome non pode-

ría ser máis axeitado. Os seus membros proveñen de grupos como Dandy Fever, Fred & the Perrys ou Impulsos Criminais, entre outros. Como consecuencia desta bagaxe diversa, o seu estilo pode definirse como punk rock, que en palabras do grupo é “o que nos une aos catro”, mais, explican, o cuarteto enfoca a súa música “sen prexuízos, con influencias amplas” e “con certa tendencia ao son

escuro”.

“Boca abaixo”, ademais do seu novo sinxelo, é o segundo videoclip do grupo. E, ao igual que o primeiro, titulado “Menceres” e lanzado en 2022, foi dirixido e montado pola viguesa Xandra Táboas. “Menceres” é un tema que fai parte do álbum homónimo do grupo. Seguro que máis cedo que tarde poderemos desfrutar da súa continuación en forma de EP.





Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com